



Guía Docente

Datos Identificativos					2019/20
Asignatura (*)	Traballo fin de Mestrado			Código	652606607
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e Didáctica				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado	Arza Arza, Neves Perea Vega, Gustavo Ariel Varela Urrutia, Roberto	Correo electrónico	neves.arza@udc.es gustavo.perea@udc.es roberto.urrutia@udc.es		
Web					
Descrición xeral	No Traballo de fin de mestrado (TFM) converxen a maior parte das competencias do Mestrado. É un traballo individual que se realiza baixo a dirección do profesor ou profesora asignada. O tempo total de dedicación é de 150 hs. (6 ECTS). Pode presentarse en dúas oportunidades. A primeira a finais de xuño e a segunda no mes de setembro.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Elaborar a fundamentación teórica e legal, analizando e valorando as bases legais aplicables a etapa educativa	AP1	CM1
	AP10	CM3
	AP13	CM4
	AP14	CM6
	AP15	CM7
	AP16	CM8
	AP18	
	AP19	
	AP21	
	AP24	
	AP26	
	AP29	



Deseñar unha programación ou unidade didáctica contextualizada, viable, coherente co marco teórico e curricular	AP1 AP3 AP4 AP8 AP10 AP13 AP14 AP15 AP16 AP18 AP19 AP20 AP21 AP23 AP24 AP25 AP26 AP29 AP30 AP33	CM1 CM3 CM4 CM6 CM7 CM8
Comunicar o coñecemento adquirido		CM1 CM3

Contidos	
Temas	Subtemas
Deseño dunha proposta didáctica ou dunha programación	1. Fundamentación teórica e legal 2. Deseño da proposta - Contextualización (curricular, centro e alumnado) - Obxectivos e contidos - Contidos - Metodoloxía - Actividades - Avaliación 3. Conclusións
En caso de que o TFM non se centre no deseño do segundo ou terceiro nivel do currículo, as temáticas adaptaranse á modalidade escollida e as características específicas do Itinerario de FOL	1. Fundamentación 2. Desenvolvemento 3. Conclusións

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A33 A30 A29 A26 A25 A24 A23 A21 A20 A19 A18 A16 A15 A14 A13 A10 A8 A4 A3 A1 C1 C3 C4 C6 C7 C8	1	136	137



Presentación oral	A1 A2 A12 A17 C1 C8 C3	1	9	10
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O TFM pode acollerse a distintas modalidades que están descritas no seu documento marco. Entre outras, estarían: o deseño e desenvolvemento dunha investigación educativa, a revisión e investigación bibliográfica, un proxecto integrado ou actividades complementarias, innovación educativa con elaboración de materiais didácticos, temáticas transversais (perspectiva de xénero, educación mediática, competencia dixital docente etc.), programación dos módulos ou materias da especialidade e deseño de unidades didácticas.
Presentación oral	Consiste na presentación e defensa do TFM ante un tribunal composto por profesorado do mestrado. Para a exposición, que é pública, o alumnado disporá de 20 minutos. O tribunal realizará as valoracións e preguntas que estime oportunas e debatirá co alumno/a.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados	A elaboración do TFM estará supervisada pola profesora ou profesor asignado. Este labor de orientación e supervisión tamén se estende á preparación da presentación e defensa do TFM.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A1 A2 A12 A17 C1 C8 C3	Presentación e defensa ? Calidade nos medios e/ou materiais de apoio. ? Selección e síntese da información ? Utilización de vocabulario profesional. ? Utilización da lingua galega con calidade lingüística ? Capacidade de argumentar na defensa	15



Traballos tutelados	A33 A30 A29 A26 A25 A24 A23 A21 A20 A19 A18 A16 A15 A14 A13 A10 A8 A4 A3 A1 C1 C3 C4 C6 C7 C8	<p>Cuestións formais (5%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Claridade expositiva e organización da información? Marxes, identificación das táboas, diferenciación tipográfica dos distintos apartados e subapartados.? Pertinencia dos anexos <p>Fundamentación teórica e legal (30%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Suficiencia e profundidade do marco teórico? Incorporación das aportacións/temáticas abordadas nas materias do mestrado.? Bibliografía actualizada e referenciada conforme ás normas APA 6ª edición.? Análise e valoración crítica das prescricións normativas e curriculares que aplicables a proposta? Orixinalidade na presentación da temática <p>Proposta (35%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Contextualización (centro, alumnado, curricular)? Nivel de concreción e formulación de obxectivos e contidos? Nivel de concreción (desenvolvemento das actividades e coherencia coa proposta metodolóxica ...)? Nivel de concreción da proposta de avaliación (construción de instrumentos, participación do alumnado, criterios de cualificación, avaliación da proposta...)? Viabilidade da proposta atendendo a súa contextualización.? Relación e coherencia coa fundamentación teórica e normativa <p>Valoración persoal e conclusións (15%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Relación das conclusións cos obxectivos do TFM.? REflexión sobre as competencias adquiridas e os ámbitos de mellora profesional.? Grao de integración dos coñecementos coseguidos nas distintas materias do mestrado <p>Utilización da lingua galega con calidade lingüística</p> <p>Utilización da lingua inclusiva</p>	85
---------------------	--	--	----

Observacións avaliación



RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación e cualificación detállanse nunha rúbrica que se pode consultar en moodel.

UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A utilización da lingua galega no documento escrito e na presentación pode incrementar a cualificación até un punto.

REQUIRIMENTO PARA PRESENTAR O TFM

O TFM só se pode presentar tendo a totalidade das materias do mestrado aprobadas.

CONVOCATORIAS/OPORTUNIDADES , TRIBUNAIS E DEFENSA

O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades. A primeira oportunidade é a finais de xuño, a segunda en setembro.

Para a avaliación dos TFM constituiranse tribunais formados por tres persoas titulares e unha ou dúas suplentes. Os membros dos tribunais son docentes do Mestrado, na súa maioría das materias do itinerario específico. A dirección do TFM non poderá formar parte dos tribunais que xulguen os TFM do alumnado que titorizou. Para a defensa do TFM o alumnado disporá dun máximo de 20 minutos. O tribunal formulará as preguntas, comentarios e suxestións que estime oportunas. Finalizadas todas as defensas dos TFM o tribunal publicará as cualificacións provisionais no taboleiro do mestrado ou en moodel e indicará a data, hora e lugar para a revisión. **FALTA DE INTEGRIDADE**

ACADÉMICA Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 6º edición. PlaxioO plaxio será motivo de suspenso. O artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC establece que " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" **NORMAS PARA A AVALIACIÓN, REVISIÓN E**

RECLAMACIÓNS https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_I.pdf
<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

Fontes de información

Bibliografía básica

- (). .

No Documento Marco para a elaboración do TFM dáse conta das posibles temáticas do TFM, da súa dirección (asignación de titor/a e funcións), da estrutura e cuestións formais do TFM, dos criterios de avaliación, do procedemento de avaliación e do calendario e procedemento de entrega e defensa. Pode consultarse en moodel e na web da Facultade de Educación no apartado do Mestrado de Profesorado. O alumnado ha de facer buscas específicas e o profesorado titor do TFM proporcionará algunha bibliografía acadica á temática. Na medida en que no TFM converxen a case totalidade das materias do Mestrado, o alumnado ha de recuperar as fontes proporcionadas polo seu profesorado. En moodel amósanse recursos para a elaboración de traballos académicos (guías para mellorar a redacción, para mellorar a escrita en galego, para a busca de fontes de información, para as normas APA e para a utilización da lingua inclusiva etc.)

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Relación coas materias do mestrado Para a realización do TFM son imprescindíbeis as achegas de todas materias do Mestrado, maiormente as propias da especialidade (Aprendizaxe, Inserción e orientación laboral, Practicum e Mercado laboral e FP). Polo tanto, un bo aproveitamento das materias facilita a elaboración do TFM. Lectura do documento marco do TFM. No documento marco do TFM pode obterse información máis detallada sobre modalidades ou temáticas, funcións e asignación da dirección, procedemento de avaliación e procedemento e calendario para a presentación e defensa. Este documento está dispoñible na web da Facultade, no apartado destinado ó Mestrado e en moodle.

COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL Débese facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural. Débese

ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos

valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En coherencia cos principios enunciados, os

traballos impresos que se teñan que entregar non utilizarán plásticos,

estarán impresos a dobre cara e empregarán papel reciclado

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías